

Hai dezaseis anos escribín un libro sobre os gatos de Venecia.

Na cidade do león de San Marcos, os gatos eran os reis e señores entón.

Pasou o tempo e Venecia segue a ser a mesma, un pouco máis vella quizais, algo máis decrepita e ameazada polas augas que a queren tragar, pero as engurras séntanlle ben á gran señora do Adriático.

Porén, os gatos desapareceron das súas rúas e prazas.

Onde foron dar os gatos de Venecia?

Seica houbo alguén que decidiu que os michos non casaban ben coa imaxe dunha cidade limpa e aco-lledora.

Os novos visitantes xa non saben o significado de atopar un daqueles pequenos felinos tranquilo e estarricado no medio dunha ponte, demostrando o seu dominio sobre a cidade máis fermosa do mundo. Agora, os gatos de Venecia seica son coma as pantasma. Reinan no espazo das sombras. Só de esguello se poden enxergar as súas pegadas, un rabo longo e insinuante a acenar desde detrás dunha porta entreaberta ou o brillo inconfundible dos seus ollos desde o outro lado da noite.

Na súa afouteza, resístense a desaparecer de todo, coma pequenos leóns acazapados. Entrementres, a súa lenda medra e tamén medran as historias sobre os seus feitos e vidas. Historias nas que, como non podía ser menos, latexa un anaco do ser de Venecia. Velaquí algunhas delas.

A historia do dux vendramin dandolo e o gato de *mercerie*

Foi no tempo do dux Vendramin Dandolo cando viviu un dos gatos máis amados de cantos poboaron a fermosa e antiquísima cidade de Venecia. Estouche a falar do famoso Lauro Arancione, o gato rubio que habitaba en *Mercerie*, unha das zonas máis transitadas e interesantes da cidade. Transitada porque aínda hoxe é lugar de paso obrigado para entrar na engaiolante praza de San Marcos, pasando baixo o arco da torre do reloxo. E interesante porque constituía un posto privilexiado para vixiar os movementos no Palacio Ducal, sede do goberno, as constantes entradas de embaixadores e dignatarios chegados de países distantes e o continuo fluxo de riquezas e tesouros que viñan engrosar, aínda máis, as arcas da República Veneciana.

Desde os tellados de *Mercerie*, máis en concreto desde a cheminea abandonada que servía de cubil a Lauro Arancione, podíase albiscar tamén parte dos segredos que moi poucos venecianos chegaban a sospeitar; e con só permanecer cos ollos ben abertos nas noites despexadas, un sería quen de contar unha boa porción de sorprendentes verdades relativas aos costumes da corte do dux. Verdades polas que moitos pagarían, abofé, mais que continuaban ocultas baixo un mesto silencio.

Por que?, pódeste preguntar con razón.

Simplemente porque Lauro Arancione —que ademais de ser rubio era un micho barrigudo, preguiceiro e amigo da boa vida— non necesitaba desempeñar o traballo de espía para acadar a felicidade e a satisfacción que o seu pelello xa non novo desexaba.

E é que tiña todo o que un gato pode precisar: o seu prato diario de caxotos de rato con arroz, algunha gatiña guapa coa que refregar os bigotes de cando en vez e toda unha gran lúa redonda e luminosa á que lle poder cantar cada noite. Ben, o que

se di a lúa, estar está a disposición de todos, claro. Mais os gatos de Venecia amósanse tan posesivos no tocante ao queixo do ceo que ás veces chegan a creerse no dereito exclusivo de contemplación e goce. Por tal razón, fanse desafíos moi ousados e, en máis ocasións das aconselladas, mesmo chegan ás unllas.

—Xógome a punta branca do meu rabo e tamén os meus bigotes rizados a que a señora lúa escoitou hoxe a miña canción con máis atención ca a de ningún outro, e que ademais lle encantou —dicía adoito Milino, un gato realmente lanzal e tan fachendoso coma paroleiro.

—Canción?! Tes o valor de chamar canción a esa restra de renxeduras estrañas emitidas sen pisca de graza? —contestaba retranqueiro o gato Elio Académico, alcumado así por residir sobre o patio acristalado da Academia de Belas Artes e tamén por ser un dos máis instruídos do grupo—. Eu que crera que era a voz dun vello serrón desdentado...

As gargalladas saltaban entón das gorxas dos presentes e refrescaban a velada. E antes de que

Milino chegase a anoxarse de máis, e de que o churrusqueiro de Elio tivese tempo abondo para lle dirixir algunha outra chanza ferinte, sempre saía alguén disposto a desviar o tema cara a vieiros menos arriscados, falando, por exemplo, das regalías da súa azotea predilecta, polo xeral única e descoñecida para os restantes membros do grupo.

—E ti, Arancione, que nos contas da túa cheminea en *Mercerie*? —remataba preguntando algún con ánimo de esculcar na vida do máis silencioso—. Non te sentes moi só alí, tan lonxe de todos nós?

Lauro Arancione entornaba os ollos e, a modo de resposta, rosmaba un breve bufido amodorrado que me é moi difícil reproducir aquí e que, total, non aclaraba nada en absoluto.

—Polo gordo que che está a bo seguro que xa ten controlada algunha familia de saborosos roedores... Non é así, meu? —comentaba outro, tamén con ganas de buscarlle a lingua.

—Daquela, a ver cando che facemos unha visita, eh! —engadía un terceiro.

Pero, agás aqueles bufidos intermitentes que o gato de *Mercerie* utilizaba con grande astucia, ningún lograba arrincarlle un miau de máis. Porén, canto sabía el que os demais ignoraban!

Sabía, mira ti por onde, cal era a afección favorita do solemne dux Dandolo. En realidade, acababa de descubrila había poucas noites.

Resulta que ao dux de Venecia lle encantaba disfrazarse.

O dux Vendramin Dandolo traendo un disfra-ce? Aquel home tan digno que fora elixido para ser soberano da cidade até a súa morte e ao que os cidadáns só podían imaxinar rodeado de pompa e solemnidade? Imposible!

Si, iso mesmo pensara Lauro Arancione a primeira vez que tal idea lle rondou polo maxín: imposible que o dux Dandolo se adicase a percorrer as rúas e as canais oculto baixo un capote de cores e cun antifaz sobre o rostro. E para borrar aquela ridícula ocorrencia da súa cabeza pegouse un belisco na caluga.

Mais non. Logo dunha paciente vixilancia, o gato de *Mercerie* lograra comprobar que aquel

chepudo narigón que saía de palacio por unha porta camuflada cando a escuridade xa callara era, en efecto, o mesmo dux de Venecia en persoa.

É certo que polas baiucas da cidade corría un rumor de vello segundo o cal algúns señores influentes aproveitaban este tipo de argalladas para tramar ou descubrir intrigas; ou tamén para coñecer o parecer do pobo sobre o goberno e os gobernantes e, dese xeito, tirar partido das confidencias. De aí que moitos taberneiros pendurasen nos seus locais letreiros moi chuscos nos que, medio en serio medio en broma, se lle advertía ao siareiro que en Venecia as paredes escoitaban e que, tras as fiestras entreabertas, podía medrar un par de oídos atentos.

Mais ninguén, por moita imaxinación que lle botase ao asunto, podería ter cavilado nunca na posibilidade de que un deses embozados que xurdían nos recunchos máis lúgubres e solitarios fose o ancián e bondadoso Vendramin Dandolo.

Se o gato Lauro acordou seguir o ilustre paseante nas súas camiñadas nocturnas non foi por facer exercicio. Nin moito menos. En realidade, non

había nada que lle amolase máis ca ter que deixar a súa cálida cheminea para atender as arroutadas daquel home seica un chisco tarouco. Se chegou a sacrificar horas de descanso foi xusto porque era tan curioso coma durmiñón.

E desde que sabía que o dux andaba a deambular polos arredores, sen máis protección ca a do seu caxato de pau, non conseguía enfiar o sono tan axiña coma antes. Porque tiña varias preguntas a lle petar arreo nas tempas que non lle permitían pegar ollo. Que procuraba o señor de Venecia con tanto degoiro? Quen o obrigaba a saír todas as noites sen faltar unha cando o reloxo facía oír a súa badalada número doce?

Preguntas estas ás que só se podía responder brincando do leito e axexando o enmascarado.

Sorprenderache saber —como lle sorprendeu a Lauro Arancione no seu día— que os misteriosos paseos do dux Dandolo non tiñan máis razón de ser ca o lóxico desexo dun veneciano de se reencontrar coa súa cidade. Andar con acougo por onde un naceu ten, desde logo, o seu aquel de emotividade, sobre todo se se trata do lugar do

que un chegou a ser gobernante. Non resulta doado ter que se conformar con ollalo desde o alto, desde unha gaiola de ouro que, por moi palacio que sexa, non deixa de ter reixas e pouco espazo para a liberdade. Si, así era. Vendramin Dandolo só quería pasear. E pasear só. Sen moreas de cortesáns, paxes e súbditos ao seu redor.

E a noite era a única que lle podía dispensar aquel encontro coa cidade que máis amaba.

Logo, el poñía o atavío apropiado, que variaba para non levantar sospeitas. En ocasións saía vestido de bufariñeiro. Noutras agochado baixo a feluxe que tisna as caras dos carboeiros e dos limpa-chemineas. E moi adoito coas galas de vagabundo enchepado que o delataran perante o gato de *Mercerie*.

Claro que o segredo continuaba a funcionar á perfección naquela silenciosa relación de complicidade que Lauro Arancione mantiña co dux de Venecia sen este o saber. Certas noites seguía, gardando unha distancia prudente para que o vello non descubrixe que ía tras del. E noutras, cando o cansazo lle engoumaba as ganas de correr aven-

turas, simplemente se esquecía, sumido nos seus
soños predilectos, que sempre ulían a peixe fresco.

Con todo, unha noite aconteceu algo que veu
crebar a normalidade. E que trouxo inusuais preo-
cupacións ao corazón de Lauro. Porque sucedeu
que aquela noite Vendramin Dandolo non regresou
a palacio á hora acostumada. Nin tampouco unha
hora máis tarde. Nin dúas. Nin sequera tres.

O certo é que, por primeira vez despois de
tantas noites, o dux de Venecia botou toda a ma-
drugada fóra.

—Que raro! —dixo para si Lauro Arancione
moi estrañado—; e logo pasaríalle algo desta volta?

As ondas, que lambían ansiosas os paus do
peirao e lle tecían, naqueles momentos do mencer,
unha puntilla de escumas a toda a cidade, tamén
parecían estar moi desconcertadas.

E é que o dux de Venecia desaparecera, algo
insólito na historia da Serenísimá República de San
Marcos.

E agora que ían facer? Velaquí o susurro que
borboriñaban por todos os recantos do Palacio
Ducal. Que fora do dux? Onde se atopaba?

Medio afogado entre os múltiples colchóns de plumas de ganso que compuñan a súa cama?

Parvadas! Foran rexistrados un por un, igual ca os armarios e as restantes dependencias, e nada. Nin rastro.

Acharan, si, as súas roupas, coidadosamente dobradas á beira do capelo ducal, pero aquilo aínda lle confería un aspecto máis misterioso á desaparición. Porque ou o dux Dandolo se derreteira coa calor, e agora ficaba reducido a unha pociña de auga —circunstancia ben improbable—, ou se esvaecera cal un perfume —exercicio realmente difícil mesmo para un dux— ou...

Ou que?

Só cabía unha explicación.

O dux fora raptado. Polos turcos otomanos ou polos piratas berberiscos, por dicir alguén con mala sona que, ademais de seren inimigos acérrimos de Venecia, lles caían mal a case todos.

E esa foi a versión oficial.

Moi poucos a creron —sobre todo porque ningún chegou a pedir un rescate— e decontado

comezaron a circular historias para todos os gustos, cada unha máis desatinada ca a anterior.

O tempo pasou e cubriu co seu veo todas as dúbidas e interrogantes. E entón Vendramin Dandolo foi engrosar a longa lista de personaxes case lendarios dos que se fala sen pensar moito se chegaron ou non a existir.

Só o gato de *Mercerie* continuou a recordar con claridade o vello dux disfrazado que unha noite acordou liscar para non voltar xamais. Quen sabe? Quizais logrou vivir algúns anos máis, nunha escanstrada casoupa, a carón do fogón aceso, gozando desa sinxela liberdade dos pobres que nin o máis rico dos poderosos pode acadar.

E con esa idea entre as cellas, algunhas noites, entre soños, Lauro Arancione aínda cría escoitar os baloucazos do caxato do dux a resoaren na escuridade.